

FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2023

Loucura e xénero en dúas novelas
de Rosalía de Castro:
La hija del mar (1859)
e *El primer loco* (1881)

Marinha Paradelo Veiga

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Loucura e xénero en dúas novelas de Rosalía de Castro: *La hija del mar* (1859) e *El primer loco* (1881)

PALABRAS CHAVE

psicanálise,
loucura, muller,
amor, literatura,
romanticismo,
antipsiquiatría

KEYWORDS

psychoanalysis,
madness, woman,
love, literature,
romanticism,
antipsychiatry

RESUMO

A finais do século XIX, a psiquiatría xurdiu como unha ferramenta de control biosocial mediante a que se silenciou e recluiu as mulleres para normativizar o seu papel na sociedade. A presenza de mulleres tolas na obra de Rosalía de Castro desafía o discurso de patoloxización da loucura, retratando a tolemia como un intento de subxectivar o feminino máis alá da linguaxe.

ABSTRACT

At the end of the 19th century, psychiatry emerged as a tool of biosocial control through which women were silenced and reclusive in order to normalize their role in society. The presence of crazy women in Rosalía de Castro's work challenges the pathologizing discourse of madness, portraying insanity as an attempt to subjectivize the feminine beyond language.

1. Introducción

A complexa representación do mundo que Rosalía de Castro reflicte na súa escrita xa foi estudada desde moitas perspectivas e lugares, atinxindo de forma destacada a súa obra poética. Nas últimas décadas foi cuestionada a imaxe social construída da autora pola súa inclusión nun canon masculino. Tamén é xa unha idea común afirmar que a escrita de Rosalía de Castro amosa unha clara ideoloxía de defensa das e dos marxinadas/os. Desde os estudos de xénero distintas cuestións arredor das personaxes femininas dos seus textos foron expostas, como a idea de que adoitan ser mulleres complexas que desafían dalgunha maneira os mandatos de xénero. Alén disto, é coñecida a querenza de Rosalía de Castro polas personaxes caracterizadas como tolas. De feito, o título do seu último texto narrativo, *El primer loco (1881)*, xa achega a posibilidade de que esta autora constrúa na súa escrita un discurso arredor da loucura. Neste traballo propónse unha pescuda sobre que discursos e ideas relativas á loucura poden ser extraídas da literatura rosaliana. Tamén se prestará atención ao xénero das personaxes tolas e a representación da intersección entre xénero e tolemia.

Como corpus de referencia usaranse os textos narrativos de Rosalía de Castro por presentaren unha evolución de personaxes e ideas que pode ser rastrexada. Para a análise da loucura partírase dun enfoque psicanalítico na construción dos suxeitos.

Tamén se exporarán cuestións sobre a historia socio-cultural da psiquiatría, porque a época na que vive Rosalía é a época onde os distintos discursos sobre a enfermidade mental desembocan na creación da psiquiatría como rama da disciplina médica.

A hipótese é que Rosalía construíu unha opinión sobre o debate que comezaba neste tempo arredor da patoloxización da loucura e a institución da psiquiatría. Rastrexando os seus textos preténdese realizar unha lectura, unha interpretación que desvele ideas, camiños e sentidos da loucura, unha aproximación do inconsciente que se transloce na escrita.

Por último cómpre sinalar que o interese polos estudos sobre a loucura vén dado pola difusión das correntes antipsiquiátricas dos últimos anos e pola propia experiencia da autora deste traballo coa institución psiquiátrica do noso sistema nacional de saúde pública.

2. Marco teórico

Nas últimas décadas son moitos os estudos que repensan o discurso ideolóxico que Rosalía de Castro expón mediante a súa voz narrativa e que a insiren nun posicionamento feminista. O obxectivo deste estudo non é sinalar de que xeito Rosalía se preocupa pola condición feminina nos seus textos, pois esta xa é unha cuestión profundamente estudada, senón simplemente seguir no camiño de revelar que Rosalía de Castro tiña un entendemento profundo sobre a intersección do xénero con outras identidades subalternas, como neste caso consideramos aos suxeitos tolos.

Nunha primeira aproximación aos textos rosalianos quedou claro que a loucura das personaxes sempre está relacionada dunha maneira ou outra ao amor romántico e en concreto parece estar concretamente ligada ao sufrimento psíquico que desencadea o amor romántico, unha idea que pode parecer obvia polo movemento cultural do romanticismo ao que Rosalía de Castro está ligada, mais que aínda así compre investigar. Esta idea será entón o punto de partida do que xorde a primeira pregunta: de que maneira se relaciona o sufrimento psíquico e o amor?

Máis alá disto, tamén se observa que nas novelas da autora abundan as personaxes femininas tolas: Experimentan as mulleres algún tipo de loucura específica? Semella que esta será a segunda pregunta que guíe o labor investigativo que se reflicte neste texto. De feito, para toda unha xeración de mulleres, que chegan ata min mesma, a xenealoxía das poetas que emerxe na nosa memoria vén marcada profundamente polas escritoras suicidas: Alfonsina Storni, Alejandra Pizarnik, Virginia Woolf. Dispóñome entón a rastrexar na literatura de Rosalía de Rosalía de Castro posturas e significados sobre a loucura e as suxeitas tolas, pois todo parece indicar que existe a creación dun discurso propio ante a ontoloxía de estar tola/o que terá a súa maior expresión no último texto de Rosalía de Castro, *El primer loco* (1881).

2.1. Loucura e psicanálise

Loucura é un termo que pode apelar a moi distintas experiencias e fenómenos. Ao consultarmos o *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG, s.v. loucura), como lugar onde se recollen aquelas acepcións máis frecuentes na nosa sociedade obtéñense as seguintes acepcións:

- Trastorno mental grave polo que unha persoa perde a razón.
- Estado da persoa que sofre este trastorno.
- Acción ou dito propios dunha persoa que perdeu a razón.

Os tres primeiros significados remiten directamente á medicina, pois definen a loucura como un trastorno que ademais é identificado coa perda de razón dunha persoa. Curioso é o exemplo elixido para a primeira das acepcións: «Sofre unha loucura incurable» (DRAG, s.v. loucura), que pode ser interpretado como unha postura ideolóxica, pois aparece tamén o termo patoloxizante da cura.

Esta definición de loucura, para a que o diccionario nos dá os sinónimos de tolema e demencia, parte dunha concepción moi recente e totalmente occidental deste fenómeno, que ten o seu nacemento histórico e social a finais do século XIX co nacemento da psiquiatría como rama da medicina. Ao longo da historia pódese sinalar que en cada sociedade existen certos grupos sociais que son excluídos polo poder a través de distintos argumentarios sobre a saúde pública. De feito, a Medicina, xunto con outras institucións como o Dereito e a Teoloxía, posúen un grandísimo poder de normativización social ao ter a capacidade de establecer os límites entre o que consideramos san e polo tanto normal, e o que xa pertence á categoría do patolóxico (Álvarez Peláez, Huertas García-Alejo y Campos Marín 1997, 47). A día de hoxe é un consenso científico recoñecer que a loucura, máis alá da súa determinación biolóxica, é un construto histórico, social e cultural que operou na sociedade occidental como ferramenta de control biosocial desde o século XIX no proceso de asentamento da sociedade capitalista. Os movementos antipsiquiátricos actuais usan o termo de *cordismo*^[1] para referirse precisamente a un proceso de opresión e control do non-normativo ou do anormal desde un enfoque que contrapón o racional e o irracional (Rebelión feminista 2020) e que patoloxiza calquera tipo de sufrimento psíquico, quitando toda a autonomía ao suxeito tolo.

Neste contexto, a teoría psicanalítica freudiana e as posteriores interpretacións destas afondan nos límites entre cordura e loucura, problematizándoos, para chegar a certas conclusións que son fundamentais para comprender o que agora se dá en chamar saúde mental, e que nos dan as ferramentas necesarias para seguir a estudar a loucura fóra da instancia médica.

[1] Tradución propia da palabra española «cuerdismo» que a súa vez é unha adaptación da palabra inglesa «mentalism».

Bassols (2008) di que a teoría psicanalítica inscribe a cuestión da locura como unha cuestión eminentemente ética, propia da problemática da inscrición do suxeito na linguaxe. En concreto, a locura non é a enfermidade senón a propia cura, pois ante unha quebra traumática do real, da cadea de significantes, o suxeito procura unha significación a través do inconsciente, ou en termos lacanianos do imaxinario, do fantasma:

Quando el sujeto delira está respondiendo con un andamiaje más o menos consistente al vacío vertiginoso del sinsentido que se ha abierto en su existencia. (Bassols, 2008, 5).

Por outra banda, na relación da psicanálise coa arte é interesante recoller as ideas que Manuel Hernández expón no *Seminario Psicoanálisis y Arte contemporáneo* (2017). Neste seminario, Hernández (2017) parte do libro *Dialéctica de la Ilustración* (Adorno y Horkheimer 1998) para explicar como o proxecto político ilustrado que cristaliza no século XVIII en Occidente ten como finalidade sacar ao ser humano da protección e guía de Deus para que tome o destino coas súas mans a través da vía da razón. Esta razón é unha forma moi concreta de razón, entendida como *logos*, que implica unha oposición binomial cultura/natureza en que a razón permite ao humano dominar e controlar a natureza. Desde este momento establécese a ciencia creadora de tecnoloxía como a única vía de coñecemento válida en tanto que nos permite seguir ostentando ese poder sobre o natural. O que esta nova subxectividade ilustrada entende por natureza vai obtendo distintas formas, construíndose así unha xerarquía de dominación das/os outras/os segundo se atopen máis achegados á natureza, como é o caso do colonialismo e racismo. Ademais o propio ser humano será entendido nunha contraposición humano/animal, e canto máis se achegue algo ao natural menos humano será.

É importante salientar que este xiro civilizatorio do proxecto ilustrado implica unha especial condición de dominación e silenciamento sobre as suxeitas negras, en tanto que estamos ante a creación dun suxeito moderno branco. A psicanalista Grada Kilomba (2019) expón que na creación do suxeito moderno branco a través desa oposición cultura/natureza opera unha escisión daquelas partes da psique que desde o *logos* non podemos coñecer, e que esta parte escindida é posta no «Outra/o» neste caso negra/o:

As pessoas negras tornam-se a representação daquilo que a sociedade branca tem empurrado para o lado e designado como perigoso, ameaçador e proibido. Tais projeções, no entanto, são as dimensões que tornam a vida excitante e vívida. Essas proposições/projeções formam, então, a base da inveja racial primariamente inconsciente, onde há o desejo “de possuir alguns dos atributos desejados das/os (‘Outras/os’) e, ao mesmo tempo, o desejo de que a/o ‘Outra/o’ seja destruído porque ela/ele representa algo entendido como ausente no eu. (Kilomba 2019, 97)

Por outro lado, neste momento tamén se instaura a dominación sobre o corpo e o feminino en tanto que historicamente a capacidade xestante do corpo feminino foi comprendida como unha extensión da natureza. A concepción da vida, une o corpo feminino ao reino natural, o parto preséntase como unha variante, a escala humana, da fertilidade telúrica^[2]. A naturalización do feminino tamén actúa como a imposibilidade de que exista un suxeito feminino. Se a xestación é o que fai cumprir o corpo feminino, non existe a posibilidade dun eu xesto, porque a xestación non é unha acción do eu mediante o corpo, senón que a maternidade sería o corpo realizando o eu a través do seu cumprimento funcional (Venebra Muñoz, 2020).

Regresando ao que din Adorno e Horkheimer (1998) recuperado por Miguel Hernández (2017) exponse que proxecto cultural europeo é un proxecto de dominación en si mesmo. Por outra banda, estes autores sitúan nesta mesma época a quebra total entre ciencia e poesía, na medida en que esta nova razón xamais considerará a poesía unha forma de acceder ao coñecemento. Isto desemboca no control social sobre a loucura, e na necesidade da sociedade europea de negar que a través destas experiencias do inconsciente poida construírse algunha forma de coñecemento. A hipótese que defende Manuel Hernández (2017) é que existe unha outra racionalidade transdiscursiva, que atravesa a linguaxe e vai máis alá, que sería a que está presente na arte, e que polo tanto «a arte permite dicir o que é imposible dicir». Este será o caso tamén da literatura, e a idea fundamental que explica por que é interesante e necesario poñer en diálogo a psicanálise e a arte.

2.2. Unha loucura feminina?

Como inicio, é preciso destacar a maneira en que a psiquiatría, como institución creada para executar o control biopolítico desde finais do século XIX, se ocupou de controlar a función social das mulleres. En calquera xenealoxía da loucura aparece o caso da histeria como unha constante á hora de regular e controlar a reprodución da sociedade. De feito, no século XIX, esta suposta doenza comeza a diagnosticarse de maneira masiva a calquera muller cun comportamento anormal, moralmente negativo, sexual ou estraño.

A representación literaria das mulleres no Romanticismo tamén reflicte esta unión entre muller e loucura. No caso do teatro romántico español, Ribao (1999-2000) indica que a loucura feminina interesa aos dramaturgos desta época pola súa funcionalidade semántica na construción dunha estética espectacular: «En el drama romántico la locura femenina no interesa en sí misma, sino en tanto consecuencia

[2] Esta idea foi recuperada dun traballo anterior meu titulado *O corpo inviolábel das minotauras: corpo, violación e maternidade en O ano de 1993* realizado para a materia Xéneros do Grao Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios da Universidade de Vigo impartida por Burghard Baltrusch e Antía Monteagudo.

fatídica de una pasión imposible» (Ribao 1999-2000, 185). As personaxes de mulleres históricas aparecen frecuentemente na literatura representadas mediante certos tópicos asociados tradicionalmente á perda da razón: o cabelo longo e solto, a palidez da pel e as miradas extraviadas son algúns deles. Outras características asociadas a estas personaxes son unha grande emocionabilidade e inestabilidade e, de novo, a brancura reflectida nas roupas, asociada ao carácter anxelical. Gies (2005, 217) segue a sumar exemplos na representación da muller histórica do romanticismo literario, e indica que esta acaba por converterse nunha metáfora do malestar social da época, o que ela denomina «histerización da cultura». Co paso do tempo, a muller histórica da literatura romántica convertírase na muller doméstica que impera no realismo. Esta transformación ocorre tamén na realidade, pois as mulleres pasan a ser diagnosticadas masivamente como históricas e recluídas nos primeiros manicomios, silenciándose así, tanto na literatura coma na sociedade, a voz da muller tola.

Tal e como analizan García-Díaz e Jiménez-Lucena (2023, 2), desde o nacemento da especialidade psiquiátrica elaboráronse e construíronse diagnósticos cun fin regularizador sobre o rol social feminino. Na súa análise das historias clínicas do Manicomio Provincial de Málaga (1909-1950) estas autoras salientan que estamos ante unha encrucillada discursiva onde a voz autorizada é a do experto e a dos outros (familia, persoal de coidados, ou discurso institucional) mentres que as pacientes ven negada a súa voz e, inclúo eu, a súa condición de suxeitas. Isto mesmo revelan tamén as investigacións sobre os casos clínicos do Manicomio de Leganés entre 1939-1952 de Conseglieri e Baquero (2022), onde afirman que os diálogos sobre o ingreso da muller danse entra as dúas institucións de poder da época (a familia e a psiquiatría), e sinalan as dificultades por recuperar a voz destas mulleres:

De hecho, cuando podemos recuperar la voz de estas mujeres, es mediante escritos propios que quedan guardados en sus historias clínicas por no haberse permitido que llegaran a sus legítimos destinatarios.(226)

Nesta forma de poder disciplinario, no sentido foucaltiano do mesmo, tamén podemos incluír os discursos públicos que califican de tolas as mulleres que escriben, ante os que Rosalía se posicionou de maneira moi clara ao longo da súa vida.

A continuación, é conveniente preguntarse pola especificidade da loucura feminina, porque, como «seres determinados por catro variables existentes, sexuados, falantes e mortais» (Forcadela 2021) é lóxico que existan variables segundo o xénero do suxeito tolo. Na súa Tese, María Teresita Colovini (2004) pregúntase pola existencia dunha loucura feminina e en concreto, sobre a loucura relacionada coa perda do obxecto de amor, que parece afectar de forma esaxerada ás mulleres. Na súa investigación, parte da inexistencia dun significante para significar o feminino, onde o amor, máis ben ser amada, é un recurso para constituírse unha, para significarse e devir suxeito.

El “devenir mujer” quizás sea un modo de objetar la circularidad del discurso capitalista. Porque es imposible devenir mujer rechazando la castración; porque el arrebatado de un hombre por una mujer es aquello por lo cual la castración se establece en el discurso; porque el modo de goce suplementario no sabría inscribirse sino en el relevamiento del significante de la falta en el Otro; porque el querer femenino porta a la existencia de un bien que no está causado por ella. (14)

Cómpre recordar que non se fala aquí do feminino e do masculino, da muller e home, en termos esencialistas senón que

Freud no dijo que la anatomía es el destino, sino por lo contrario, la anatomía no nos dice nada sobre las posiciones sexuales. Y que lo femenino implica decididamente ser Otra para sí misma, de ahí que siempre se presenta como contingencia, o sea, más allá del padre (Quiroga 2021, 11).

Para a psicanálise freudiana o feminino non deixa de constituír un enigma que non acaba de integrarse totalmente na teoría psicanalítica. Por iso Freud deixa a resolución do enigma aos poetas:

Si ustedes quieren saber más acerca de la feminidad, inquieran a sus propias experiencias de vida, o diríjanse a los poetas, o aguarden hasta que la ciencia pueda darles una información más profunda y mejor entramada. (Freud, 33ª conferencia. La feminidad 1932).

Podemos observar neste enunciado que a poesía constitúese como unha vía alternativa de coñecemento oposta á ciencia, xustamente o que o proxecto ilustrado europeo precisa negar. Unha vía de coñecemento ligada ao feminino en tanto que só mediante a poesía podemos saber máis sobre a feminidade, pero tamén porque o feminino permítenos saber máis sobre o que a poesía di, sobre o que non se pode dicir.

A psicanalista Sylvia de Castro Korgi (De Castro Korgi 2006) tamén se pregunta por outro enigma freudiano: que é o que quere unha muller? Facendo unha revisión da explicación de Freud sobre a instauración do lazo social entre os homes e a xénese da Lei do Pai chega a unha serie de conclusións sobre a posición do feminino neste entramado. O mito edípico consiste nunha explicación dos procesos polo que os seres humanos entramos na cultura a través da aceptación dunha castración simbólica, dunha limitación do goce fálico:

El falo, puesto que es lo que se juega en el complejo de castración, ordena, regula, normaliza el goce, y el padre cumple con la función simbólica de inscribir “el goce como goce fálico en relación con la castración.” Pero, ¿cómo van las mujeres aquí si

precisamente aquello que las define, según Freud, es su falta fálica? ¿Cómo, si ellas están privadas de falo? (De Castro Korgi 2006, 43)

Nesta mesma liña, María José García Oramas (2013) destaca a especial xenealoxía de mulleres, de épocas e latitudes distintas, que «han experimentado, y a veces sucumbido, a *ese vértigo que las domina*, deseando morir» (1). A autora recolle para iniciar a súa análise, a voz de Carolina Coronado, poeta española do Romanticismo, coéteana de Rosalía de Castro, que é interesante recuperar:

Safo busca la muerte en los mares, Teresa en la horrible penitencia que quebranta su cuerpo, y las dos sucumben al vértigo que las domina. Ambas desean morir (Coronado, citada en García, 2013)

Igual que Safo e Teresa, nas personaxes de Rosalía encóntrase unha sorte de vertixe, de abismo, un algo inefable que arrasa cos suxeitos e dende onde nace a loucura. García (2013) explica que desde a psicanálise lacaniana enténdese que «el deseo para las mujeres no está totalmente en este mundo fálico y algo de sí irremediamente se escapará de él» (1). A suxeita feminina tería que construírse a si mesma, a partir da entrada nun mundo simbólico de dominación masculina, que propiamente a nega como suxeita. Así, as mulleres posúen a posibilidade de experimentar un outro goce, que se sitúa máis alá do simbólico (masculino). Este outro goce está na marxe da propia subxectividade, entre o todo e o baleiro, entre a vida e a morte. Chegados a este punto, García (2013) di que

es claro que, utilizando este lenguaje, las mujeres poco o nada pueden decir sobre sí mismas, en tanto les es ajeno y no responde a su propia subjetividad. (1)

2.3. O amor e a dó

Son varias as lecturas cun enfoque de xénero que se teñen feito desde a psicanálise: (Benjamin 1996) (Colovini 2004) (Quiroga 2021) (Soler 2006) e as contribucións en toda a obra de Julia Kristeva. Estas autoras pregúntanse como se integra o feminino na teoría psicanalítica, desde o complexo edípico e a función da nai ata a posibilidade de existencia dun proceso de subxectivación ou non da muller. Previamente, cómpre salientar que a unión de amor con sufrimento responde a unha construción da cultura occidental. Kreimer (2004) afirma que unha das razóns polas que na cultura occidental xuntamos amor e sufrimento é porque historicamente identificamos o amor de parella co namoro inicial, que o propio Freud consideraba patolóxico.

O amor está profundamente ligado á esa falta primixenia que quebra para sempre o suxeito lacaniano. Desexamos a outra/o, namorámonos, porque nos falta algo,

porque hai algo que non temos, e ese outra/o complétanos pero só no plano dos obxectos^[3], en tanto que obxecto de amor, e polo tanto como imaxe, só no plano imaxinario. Por isto Lacan considera que o amor é sempre un engano, dar o que non se ten, a quen non é.

O fenómeno amoroso forma parte da propia orixe da subxectividade, pois no complexo edípico a nai será o primeiro obxecto de amor para as crianzas. Sobre a función da nai, Jessica Benjamin (1996) realiza unha crítica ao lugar secundario e pasivo que na psicanálise freudiana se lle dá e afonda na relación nai-filla/o como o primeiro vínculo que experimentamos nas nosas vidas. Esta autora expón o concepto de intersubxectividade para reorientar a concepción do mundo psíquico desde as relacións suxeito-obxecto cara un suxeito que se encontra con outro suxeito (Benjamin 1996, 33): eu como suxeito preciso recoñecerte como suxeito para que ti me afirmes a min como suxeito.

Este primeiro vínculo amoroso, ao que a/o infante debe renunciar para ingresar no mundo simbólico a través da Lei do Pai, será inscrito no suxeito como a primeira perda, a primeira falta. Desta maneira iníciase unha busca constantemente no futuro dun obxecto que ocupe o lugar do obxecto amoroso perdido.

El amante se aferra a su objeto, o lo substituye frecuentemente, para negar su destino; para eternizarse a través de un vínculo que le crea la sensación de plenitud; pero la trampa oculta no deja de hacerse presente muy pronto, en esa misma realización encuentra la muerte, en la ruptura. (León de la Mora 1990, 195-196)

Neste contexto a dó aparece como unha función fundamental para salvar ao suxeito do baleiro de significativo. A morte ou desaparición do obxecto amado crea un profunda desestabilización do suxeito, un choque entre o real e o imaxinario-simbólico, unha fractura no sentido da vida. O obxecto desaparece do real, pero non a súa imaxe en nós, non a súa falta, e o suxeito precisa significar dalgunha maneira isto, manter o seu lazo co obxecto e polo tanto co real en tanto que falta, substituír o baleiro por linguaxe. María Elena Elmiger explica este proceso de subxectivación como

que el sujeto (deudo) pueda reconocer, luego de ese pasaje, las marcas que esa muerte dejó en él y restablecer el lazo con la memoria del muerto, con su filiación, por lo tanto, con el tejido social. (2010, 18)

[3] O termo obxecto na teoría psiconalítica fai referencia as imaxes mentais que temos dos outros suxeitos.

3. Amor, loucura e suicidio en *La hija del mar* (1859)

La hija del mar (De Castro 1859) constitúe o segundo libro e a primeira novela de Rosalía de Castro. Un dos primeiros aspectos a sinalar é a presenza de varias estruturas edípicas nas que se enmarcan as personaxes, feito profundamente estudado por Adriana Lewis Galanes (1990). Para este traballo interesa apuntar distintos momentos arredor da personaxes de Teresa e de Esperanza. Para comezar, a construción da personaxe de Teresa baséase nos ideais románticos de misterio e estrañeza: «Teresa era la única que, con una extraña mezcla de miedo y curiosidad, seguía ansiosa» (De Castro, 1859, 88). Teresa, marcada por un pasado traumático e de soidade, parece contar cunha sensibilidade especial para admirar e presentir cousas que as/os demais non poden. É esta habilidade a que leva a voz narrativa a identificala como poeta. Se recuperamos a idea de que o proxecto ilustrado confirma a quebra entre a ciencia e a poesía, Teresa como poeta, sería un suxeito que accede ao coñecemento do real, non mediante o *logos* racional, senón mediante a poesía e o inconsciente: «Teresa era poeta, aunque sin saberlo, y por eso sentía siempre en el fondo de su alma una terrible lucha que la martirizaba aun en los instantes que debía ser más dichosa» (140).

Na marxe social na que vive Teresa, pois como orfa e como muller abandonada é apartada do resto da sociedade, encontra unha saída das normas sobre o papel feminino. Ela atopa a posibilidade de construírse «unha subxectividade des-suxeitada» (Suquet, 2014, 96). Non é que Teresa consiga rebelarse ante a posición de obxecto outro á que a cultura patriarcal a relega, senón que fai algo moito máis subversivo, construírse como suxeito desde unha outra linguaxe, unha linguaxe que non é comprensible para as/os demais, que só ela entende. Confrontada coa falta primixenia, sen poder subxectivizarse a través da dó, en tanto lle é negada por non estar incluída na sociedade e as súas prácticas e rituais simbólicos, Teresa acha unha saída nun outro goce:

Entonces, lanzando una mirada en torno suyo y encontrando sólo el inmenso vacío que la rodeaba, su dolor se convertía en locura, y por eso iba a la playa a hablar con los vientos y con las olas, y a escuchar el eco de sus mismos lamentos en la soledad de la ribera (De Castro, 1859,140-141)

Esta idea está case explícita neste fragmento, pois ante ese baleiro que a rodea (a quebra co Real) a súa dor convertíase en loucura. Esta tolemia non parece ser algo penalizado pola voz narradora, senón que é esa loucura a que a salva dunha dor que conduciría á morte. Ademais, a insania permítelle falar con ventos e ondas «nunha linguaxe comprensible só para ela» (141). Unha linguaxe que só é comprensible para unha mesma ten que ser unha comunicación co Outro. Hai unha inversión da direc-

ción, esta linguaxe non se dirixe cara o Real, senón que vai cara o outro inconsciente, por iso só ela pode comprendela. Na caracterización desta loucura a narradora segue a sumar descrições que non teñen nada de negativo, senón onde se apreza a liberdade que esta loucura lle dá a Teresa. Pese a isto, tamén se enuncia a posibilidade da morte porque Teresa vive demasiado:

Aquello era un delirio salvaje, una fertilidad prodigiosa de aquella imaginación virgen, aquel espíritu fuerte y salvaje henchido de poesía y loco de amor, era una joya perdida en un ignorado rincón de la tierra, un tesoro desconocido que iba a perderse y morir por demasiada vida y por falta de luz y de espacio. (141)

Existe unha interpretación de que Teresa experimenta un goce do outro sen límites que conduciría á morte, e tamén a morte por falta de luz e de espazo. Este espazo pode remitir ao espazo lingüístico (simbólico), onde a súa subxectivade non ten cabida. Concordo con Mirta Suquet (2014) en que coa subxectivade feminina que constrúe Teresa, desarraigada de todo vínculo familiar, a escrita rosaliana amosa un corpo feminino emancipado a través deses momentos de loucura salvaxe e libre. As ideas desta investigadora van máis aló do sentido curativo do que eu falei anteriormente, pois ela afirma que desta loucura tamén poden nacer «tácticas en las que las relaciones de poder pueden llegar a trastocarse» (96), facendo referencia a confrontación de Teresa con Ansot. De feito, Mirta Suquet (2014) tamén interpreta a chegada de Ansot e o encerro de Teresa e Esperanza no palacio como unha resposta social á emancipación de Teresa:

En tal sentido, la etapa de «clausura» en la casa familiar, que se narra a partir del capítulo XI (en una «pequeña casa de campo», alejada del mar y protegida por una «alta tapia»), funcionaría como la reeducación carcelaria-manicomial de ambas mujeres. (96)

A chegada de Ansot prodúcese nun momento chave que é preciso indagar. Existe un intre na novela en que Teresa e Esperanza, que se complementan a unha a outra, teñen un momento de conexión moi profunda que xusto antecede á chegada de Ansot. No capítulo V, titulado *Confidencias*, exponse unha conducta repetitiva de Teresa: ao amencer, levántase, con coidado de non espertar á súa filla Esperanza, «axitada por un poder descoñecido e grandioso» (De Castro, 1859, 125) para «emprender alguna de las largas correrías que, sin objeto, solían arrastrarla a parajes lejanos y a retiros desconocidos en los que no sabemos si soñaba o dormía...» (125). De novo, a loucura de Teresa que a dirixe cara espazos oníricos e inconscientes. Ao mesmo tempo que nós, como lectoras, descubrimos esta face de Teresa tamén o descubre Esperanza, pois, antes de que Teresa marche da cabana, Esperanza, que

parecía estar durmida, di: «¡Hoy no!...Hoy no te irás sin que yo vaya contigo» (129). En resposta, Teresa inicia un monólogo onde revela varias cousas importantes. Primeiro, relata a través dunha analepse a súa nenez, onde destaca que a súa forma de relacionarse co mundo foi considerada socialmente desde que era nena como unha forma de loucura. Ela conta esta etapa infantil desde a alegría, pese a ser orfa e abandonada, pois encontraba na súa relación corporal coa natureza un momento de éxtase, un desexo por diluirse no mundo: «¡Cuántas veces por eso mismo desee convertirme en una de esas flores que nacen al pie de los arroyos, a quien dan vida y movimiento las olas suaves!...» (132)^[4]. En segundo lugar, Teresa amosa a preocupación por contaxiar esta loucura a Esperanza: «pero yo debo huir porque no te contagien mis locuras...»(128). O termo contaxiar ten importancia, pois pertence ao discurso médico das enfermidades. Desta afirmación emana o discurso patoloxizante das subxectividades femininas, pensemos na histeria por exemplo, xa que, as condutas de Teresa ben poderían ser diagnosticadas como síntomas de histeria por algún médico da época.

Teresa reproduce este medo ao contaxio, mais, de que maneira podería contaxiarse a loucura de Teresa? Parece que a preocupación reside no feito de que Esperanza escoite esa linguaxe, ese discurso de Teresa non comprensible para o resto de suxeitos. Se Teresa admite ter medo ao contaxio da súa filla, tamén está admitindo que Esperanza podería ter as capacidades para habitar tamén esa linguaxe. Agora amósase unha posibilidade de subxectivización colectiva, de que Esperanza descubra a maneira des-suxeita en que Teresa se constrúe como suxeito, a revolta contra o mundo simbólico patriarcal ao que Teresa renuncia na súa loucura. Alén disto, nós, en tanto que lectoras, acompañamos a Esperanza nesta posibilidade de futuro, se a linguaxe de Teresa puidese chegar a nós, quizais nela descubriríamos algo sobre nós mesmas que nin sabemos que existe. Existe tal potencia de creación dunha subxectividade feminina neste momento da novela que se entende como rapidamente ten de ser castigada e reprimida por Ansot, marido de Teresa que funciona como expón Suquet (2014 96) «como la reeducación carcelaria-manicomial de ambas mujeres». Noutra novela de Rosalía titulada *Flavio (1861)* Mara, unha muller poeta, desta vez que escribe os seus poemas, reincide na potencialidade do feminino para achar unha subxectividade na poesía, pois pregunta «¿quién más que las mujeres tendrían condiciones de verdaderos poetas?» (77). Verdadeiras poetas, porque excluídas do simbólico, sen un significante para significarnos, a experiencia do feminino está intrinsecamente relacionado co inefable.

[4] Chama a atención o uso dos puntos suspensivos nesta parte da novela, xa que poden indicar que queda algo sen dicir, quizais unha marca de que nestas afirmacións Teresa, a través da linguaxe, sempre atopa algo que non pode traducir, algo pertencente ao Outro, que é o que experimenta nesa éxtase.

Y es porque operan a partir de ese campo barrado que pueden hacer presente tanto lo imposible de cerrar o de completar al Otro, como lo que en el Otro carece de significantes para decirse. Es desde ahí que las mujeres pueden refutar el régimen del pensamiento y la razón. Y es así como alcanzo a pensar la incidencia de las mujeres en lo social, cuyos efectos de subversión no les son inherentes sino en la medida en que ellas resisten a la absorción por el todo fálico. En la medida en que preservan lo imposible de totalizar. (De Castro Korgi 2006, 49)

3.1. Suicidio: a relación entre o feminino e o acto tanático

O desexo de diluírse co natural, de transformarse nel e formar parte dese todo ao que o humano renuncia en favor da civilización é frecuentemente enunciado por Teresa na novela *La hija del mar* (De Castro 1859). Neste sentido, aparece relacionado coa auga dos regatos pero existen mencións ao longo de toda a novela e en concreto moi constantes ao mar, como o título xa parece indicar. Na relación da poeta Alfonsina Storni co mar, María José García Oramas (2013) enuncia que Alfonsina transita coa súa poesía por universos líquidos, múltiples, explorando os misterios do «(a)mar loco» (102) como parte dunha experiencia de subxectivización que «le permite desde el fondo y el vacío, re-emerger como sujeto para habitar un espacio propio ubicado en el fondo del (a)mar» (102). Na relación de Teresa e Esperanza co mar tamén observamos un desexo de disolución nel, nun mar que é o todo e o baleiro, que Esperanza finalmente levará a cabo a través do suicidio. Cómpre mencionar que no diálogo entre Romain Rollan e Freud, o escritor francés emprega o termo do «sentimiento oceánico» que remite a unha volta ao estado primixenio do suxeito (Serrano Escobar 2022).

A relación do mar co suicidio feminino tamén ten bastantes estudos aplicados a distintas poetas, escritoras e artistas. Como mito pódese rastrexar esta relación no suicidio de Ofelia. No seu ensaio sobre a auga, Bachelard (1942) describe o suicidio por afogamento como un «suicidio masoquista», diferenciado dos suicidios por orgullo ou vinganza. Isto parece de novo remitir á ligazón co feminino e tamén está vinculado con Freud cando di que «El masoquismo es entonces, como se dice, auténticamente femenino.» (Freud 1933, 107)

O suicidio de Esperanza no mar sucede pouco despois de que esta recupere a cordura, polo que non poderíamos clasificalo como un acto pertencen ao terreo da enfermidade da tolemia como así o entendemos agora. De feito, son moitos os textos e exemplos que sinalan o suicidio como unha resposta social emancipatoria. Villareal (2020, 23) sitúa neste contexto o texto rosaliano:

Obras como *La hija del mar* (1859), de Rosalía de Castro, o *The Awakening* (1899), de Kate Chopin, propician lecturas do suicidio como resposta de un suxeito feminino constreñido por unas duras normas sociais de tipo patriarcal que no permiten un libre desenvolvemento do carácter feminino, a la vez que denuncian el tratamento que desde

la medicina se hace de los malestares propios de un sistema opresivo, que son tratados como problemas menores de neurosis femenina.

Unha vez máis podemos facer unha interpretación antipatoloxizadora do texto rosaliano. O cárcere-manicomio dirixido por Ansot é un lugar afastado do mar, o que nos leva de novo cara a interpretación de que o mar é un elemento posibilitador da liberdade feminina. En palabras de Suquet (2014, 97)

El mar vendrá a sintetizar esa comunidad imposible donde los personajes femeninos sueñan soltar amarras definitivamente. Ningún espacio será reconocido como «propio» para ellos salvo el mar, impropiedad pura. Deseos volátiles (de fluir, de vagar y divagar: volar como los pájaros, «hermanarse» a las olas) que entran en disonancia con las políticas de lo territorial (identidad, sujeto, nación...) y con la productividad comunitaria.

4. Poder e discurso en *El primer loco* (1881)

Na época en que Rosalía escribe as súas novelas está a suceder unha correlación de forzas discursivas sobre a loucura, onde o discurso médico está a imponse sobre calquera outro tipo de discurso e ideas. Este discurso médico estará fundamentado na exclusión tamén discursiva do paciente tolo e no seu silenciamento. As palabras dun tolo sobre a súa tolemia non fan sentido, non son racionais, non son confiables e obxectivas para a institución psiquiátrica. Cómpre lembrar que as investigacións sobre os casos clínicos nos manicomios revelan como a voz dos pacientes é substituída pola do médico e dos familiares.

Nas personaxes tolas de Rosalía observamos unha certa peculiaridade sobre quen posúe o poder discursivo para falar da loucura e sobre a loucura. Como antecedente, xa en *La hija del Mar* (De Castro, *La hija del Mar* 1859), observamos que as palabras de Teresa, como personaxe tola autorrecoñecida, son o principal discurso existente sobre a loucura. Ela fálanos da súa locura constantemente, en termos moi afastados dunha loucura entendida como enfermidade. Incluso a voz da comunidade, que é a que desde pequena inclúe a Teresa nesa categoría social de tola, pasa pola súa propia memoria para chegar ata nós. No discurso, ela reaprópiase da voz social que intentou excluila desde pequena e recupera a palabra para ela, dálle o seu propio sentido.

Tamén aparece xa nesta novela unha mención á incurabilidade da loucura desde os tratamentos médicos. No capítulo XV, titulado *La loca*, coñecemos a unha Esperanza que leva tola^[5] durante oito anos e o médico que a trata enuncia varias veces a inutilidade da ciencia para atopar unha cura:

[5] Esta nova loucura de Esperanza é totalmente distinta a que viñamos describindo e está relacionada coa perda do obxecto amoroso en condicións traumáticas, máis pola extensión requerida deste traballo non podemos profundizar nesa cuestión.

Dios sabe que yo quisiera volverte la razón y la vida, pero la ciencia es tan vana como estéril; en ciertos casos todo su poder se reduce tan sólo a conocer su impotencia. (De Castro, *La hija del Mar* 1859, 258).

Estas ideas que Rosalía de Castro transmite xa neste primeiro libro van madurando ata desembocar no texto *El primer loco* (1881), no que se pode ler unha posición clara fronte á patoloxización. A singularidade do título desta novela xa chamou a atención de Alba Del Pozo García (2014) que se pregunta: Que é o que fai ao protagonista Luís poida ser caracterizado como o primeiro tolo se sabe que existen personaxes tolas nas novelas anteriores? Unha das singularidades, que explora en profundidade Alba Del Pozo García (2014), é que fronte á narrativa que instala a psiquiatría a través do caso clínico, o texto de Rosalía é un diálogo, onde é Luis quen conta en primeira persoa, sen mediacións nin tutores, o desenvolvemento e causas da súa loucura. Se a enunciación da existencia de suxeitos tolos é un perigo para a estabilidade do suxeito, un suxeito tolo que se enuncia a si mesmo é inadmisíbel para a sociedade moderna, por iso se precisan de mecanismos de exclusión e silenciamento destes suxeitos.

Unha das singularidades deste tolo vén dada porque é o primeiro momento na narrativa de Rosalía de Castro en que aparece o manicomio. Ademais, Luis, o primeiro tolo, non é nin diagnosticado nin encerrado por ninguén, senón que é el quen decide converter o mosteiro de Conxo nun psiquiátrico, do que el mesmo sería o primeiro tolo en vivir nas súas habitacións:

Y Conjo será lo que yo quiero: refugio de almas como la mía, agobiadas por incurables dolores, lugar de quietud para gentes que, como yo, amen estas hermosas alamedas y estos campos siempre frescos y sonrientes (De Castro 1881, 106)

A transformación do mosteiro, onde as persoas enfermas da alma van «curarse con exorcismos e oracións» (13), no manicomio, entronca coa consolidación do proxecto ilustrado, pois lembremos, como sinalaba Hernández (2017), que a Ilustración pretende que o ser humano deixe a guía divina e opte pola vía da razón. A revolución científica da modernidade implica a retirada da relixiosidade da explicación do mundo do sentido máis tamén implicou a creación do suxeito da razón, tal e como enuncia Descartes no “*Cogito ergo sum*”. Nesta liña, a existencia dun suxeito tolo, de suxeitos que non posúen razón, trae consigo unha potencia desestabilizadora, o perigo de «enunciar que hay sujetos sin razón y que por esto, no encajarían en la máxima de “pienso luego existo”» (Fernández Jaimes 2012, 85). Aínda así, o manicomio imaxinado por Luis aínda estaba moi afastado do espazo violento e carcelario no que se converterían. Luis desexaba crear un refuxio para que as persoas dementes coma el non tivesen que vagar errantes polas rúas, famentas ou espidas, ou para que non as forzasen a marchar da súa terra lonxe das/os que as aman (106), pois aínda

non existía nungún manicomio na Galiza da época. Non hai moitos estudos sobre este manicomio en concreto, pero ten sentido pensar que funcionaba de xeito parecido aos outros manicomios do estado español. José Carlos Bermejo (2014) di que o psiquiátrico de Conxo funcionaba como o resto de manicomios en Europa como un lugar de encerro e silenciamento, onde «la mayor parte de los encerrados ni siquiera tenían historia clínica ni diagnóstico» (120).

De feito o soño de Luis de crear un manicomio que funcione un refuxio para os tolos e tolas coma el, segue na actualidade moi lonxe de cumprirse, só hai que lembrar que no pasado abril, un rapaz era encerrado e tratado mediante terapia electroconvulsiva neste mesmo manicomio de Conxo, contra a vontade tanto do paciente como da súa familia (Muñoz 2023). O caso de Iván demostra unha vez máis que a patoloxización da loucura elimina a voz e o corpo do mesmo, sen posibilidade de axencia. Tamén é un exemplo de que que as institucións da Medicina e do Dereito funcionan para alimentarse a unha a outra no seu poder normativizador, pois neste caso, para suprimir a vontade da familia o encerro foi autorizado por orde dun xuíz.

Por último, a imposibilidade de comprender a loucura desde a ciencia e exposta continuamente na voz de Luis, fronte a do seu amigo Pedro, que simboliza a voz do suxeito da razón científica:

No apelando a la ciencia ni a la fría razón, que son para el caso ciegas y sordas, y como quien dice su antítesis, sino únicamente al sentimiento, que es el único que tiene el poder de comunicarnos con lo que ni se mide ni se palpa y es invisible a los mortales ojos. (De Castro 2001 103)

Aínda que desde a razón se quixese escoitar e comprender a loucura existe unha fractura insalvable, pois a linguaxe da razón exclúe a loucura de calquera forma de comunicación de coñecemento no sentido que describe Franca Basiagla (1983):

En el momento en que la razón le da la palabra a la locura o se prepara a escucharla, la incomunicabilidad de los dos lenguajes deviene insuperable, porque quien da la palabra determina los modos en los cuales el otro debe expresarse, so pena de su definitiva exclusión del plano de la comprensión humana, siendo la razón dominante transformada en la Razón Humana. (65)

5. Conclusións e horizontes

Ao poñer en diálogo a narrativa de Rosalía de Castro coas teorías psicanalíticas e os horizontes antipsiquiátricos observamos que a autora tiña un posicionamento claro como resposta ao modelo patoloxizador da loucura e aínda máis, da loucura feminina, que na súa época comezaba a encerrar a mulleres en manicomios e a receitar curas. Interpretacións como a feita neste traballo e como as de Suquet (2014) e Del Pozo García (2014) insisten en que, máis alá do tópico romántico da loucura e o gusto polo irracional, encontramos na escrita rosaliana posicións políticas transgresoras que transitan as marxes do hexemónico. O texto *El primer loco* (De Castro, La hija del Mar 1859), sorprende pola actualidade das ideas que se transmiten e tamén por como Rosalía de Castro soubo expor ese cambio de paradigma que o nacemento da psiquiatría supuxo desde o propio tempo no que sucedía. Por outra banda, compróbase que o legado de Rosalía de Castro segue a ter unha profunda relevancia para a actualidade e que as liñas de estudo sobre a súa narrativa aínda non foron esgotadas.

Por último, este traballo pretende formar parte dun campo de estudo que noutros lugares se denomina estudos loucos/tolos, dando voz e importancia ás experiencias das persoas psiquiatrizadas e recoñecendo as experiencias tolas como produtoras de coñecemento. Cómpre recoñecer que desde a institución científica é unha ferramenta máis de construción do discurso hexemónico, desde a que se xustifica a opresión e control das disidencias. Neste sentido, investigar a loucura máis alá do diagnóstico médico pretende ser un reflexo do que as activistas e superviventes do sistema de saúde mental actual reclaman nas rúas e nas redes e das súas vivencias.

El camino de la subversión debe pasar en gran medida por aprender a cartografiar nuestro terreno, para saber en qué esquinas podemos subirnos los pasamontañas y desenfundar las armas de nuestra inteligencia. !Diferencia o barbarie! (Panero 1991).

BIBLIOGRAFÍA

- Adorno, Theodor, y Max Horkheimer. *Dialéctica de la Ilustración. Fragmentos filosóficos*. Madrid: Trotta, 1998.
- Álvarez Peláez, Raquel, Rafael Huertas García-Alejo, y Ricardo Campos Marín. «Entre la enfermedad y la exclusión: reflexiones para el estudio de la locura en el siglo XIX.» *Historia contemporánea*, nº 16 (1997): 47-66.
- Bachelard, Gastón. *El agua y los sueños. Ensayo sobre la imaginación de la materia*. Editado por Fondo de Cultura Económica. Traducido por Ida Vítale. México: Fondo de Cultura Económica, 1942.
- Basiagla, Franca. *Mujer, locura y sociedad*. México: Universidad Autónoma de Puebla, 1983.
- Bassols, Miquel. «Jaques Lacan y el sujeto de la locura.» *CliniCAPS 2*, nº 5 (2008).
- Benjamin, Jessica. *Los lazos del amor. Psicoanálisis, feminismo y el problema de la dominación*. Traducido por Jorge Piatigorsky. Argentina: Editorial Paidós, 1996.
- Bermejo, José Carlos. «La administración del silencio: filosofía y psiquiatría en José Manuel López Nogueira.» *Historiografías*, nº 7 (2014): 113-124.
- Ciompi, Luc. «Sentimientos, afectos y lógica afectiva. Su lugar en nuestra comprensión del otro y del mundo.» *Revista de la Asociación Española de Neuropsiquiatría* 27, nº 2 (2007).
- Colovini, María Teresita. *Amor, locura y femineidad. La erotomanía, el delirio de ser amadas: ¿una locura femenina?*. Argentina: Universidad Nacional del Rosario, 2004.
- Conseglieri, Ana, y Miriam Baquero. «Psiquiatrización de la sexualidad femenina: a propósito de los testimonios y las historias clínicas de las mujeres del Manicomio de Leganés en el periodo 1939-1952.» *Revista de la Asociación Española de Neuropsiquiatría* 41, nº 140 (2022): 209-229.

- De Castro Korgi, Sylvia. «Apuntes sobre lo femenino y el lazo social.» *Desde el jardín de Freud: revista de psicoanálisis*, nº 6 (2006): 38-49.
- De Castro, Rosalía. *El primer loco*. Editado por Angel Abuín. Patronato Rosalía de Castro, 1881.
- . *Flavio*. Editado por Biblioteca virtual Miguel de Cervantes. 1861.
- . *La hija del Mar*. Editado por Montserrat Ribao Pereira. Madrid: Ediciones Akal, 1859.
- Del Pozo García, Alba. «Reescrituras del caso clínico: El primer loco de Rosalía de Castro.» En *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2014.
- Delgado, Elisa. «Ciudadanas con derecho al amor, otra filosofía posible.» *XVIII Jornadas Internacionales de Investigación en*. Instituto de los altos estudios en psicología y ciencias sociales (IAEPCIS) , 2021.
- Elmiger, María Elena. «La subjetivación del duelo en Freud y Lacan.» *Revista Mal Estar e Subjetividade* 10, nº 1 (2010): 13-33.
- Fernández Jaimes, Carol. «Enfermedad mental y salud mental. Reflexiones en torno a la posibilidad del deslizamiento de un discurso que mostraría un Otro que no existe (A).» *Tesis Psicológica*, nº 7 (2012): 82-91.
- Fernández, Mª Sara. «El primer loco de Rosalía de Castro: un caleidoscopio femenino.» *Moenia* 8 (2008): 37-41.
- Forcadela, Manuel. «Xénero e suxeito en sete novelas escritas por mulleres.» *A Trabe de ouro: publicación galega de pensamento crítico*, 2021: 83-105.
- Forcades i Vila, Teresa. «Feminist Freedom. A dialogue between the Psychoanalytical Insights of Jacques Lacan and Nancy Chorodow and Classical Trinitarian Theology.» *Journal of the European Society of Women in Theological Research*, 2008: 99-115.
- Freud, Sigmund. *33ª conferencia. La feminidad*. 1932.
- Freud, Sigmund. *Nuevas conferencias de introducción al psicoanálisis, 33ª La feminidad*. Vol. XX, de *Obras completas*. Argentina: Amorrortu Editores Vol. XXII. Argentina: Amorrortu Editores V, 1933.
- Galanes, Adriana Lewis. «‘La hija del mar’ (1859): llave a los conflictivos espacios interiores en la expresión literaria de Rosalía de Castro.» *Hispanófila*, nº 98 (1990): 17-31.

- García Candeira, Margarita. «Transgresión en Rosalía de Castro. Apuntes sobre el sujeto femenino y la comunidad.» *Revista Internacinal de Culturas y Literaturas*, 2013.
- García Oramas, María José. «Alfonsina Storni y el (a)mar loco de las mujeres.» *Clepsydra*, nº 12 (2013): 99-106.
- García-Díaz, Celia, y Isabel Jiménez-Lucena. «Classifying the women: psychiatric diagnoses and female subjectivity in the Manicomio Provincial de Málaga, Spain, 1909-1950.» *História Ciências Saúde-Manguinhos* (História Ciências Saúde-Manguinhos) 30 (2023).
- Gies, David Thatcher. «Romanticismo e histeria en España.» *Anales de Literatura Española Anales de Literatura Española*, nº 18 (2005): 215-225.
- Hernández, Manuel. «Sesión I. 9 de Septiembre del 2017.» *Seminario psicoanálisis y Arte contemporáneo*. México: Museo Universitario Arte Contemporáneo, 9 de Setembro de 2017.
- Illouz, Eva. *Por qué duele el amor. Una explicación sociológica*. Madrid: Katz Editores, 2012.
- Kilombra, Grada. *Memorias da plantação: Episódios de racismo cotidiano*. Traducido por Jess Oliveira. Cobogó, 2019.
- Kreimer, Roxanna. *Falacias del amor. ¿Por qué occidente anudó amor y sufrimiento?* Argentina: Anarres, 2004.
- León de la Mora, Jaime de. «Algo sobre el amor.» *Debate Feminista*, nº 1 (1990): 190-199.
- Muñoz, Beatriz. «Lo que sabemos sobre el caso del joven sometido a electrochoques por orden de un juez frente al criterio de su familia.» *elDiario.es*, 13 de Abril de 2023.
- Nasio, Juan David. *El dolor de amar*. Traducido por Bixio Alcira. Barcelona: Gedisa, 2007.
- Panero, Leopoldo María. «Aviso a los civilizados.» En *La otra locura. Salud mental, sufrimiento psíquico y sociedad*, de Irrecuperables, 27-37. Irrecuperables, 1991.
- Patiño Correa, Margarita. «Del amor al dolor.» *Décsir*, nº 1 (2014): 28-40.
- Quiroga, Bettina. *¿Cómo aman las mujeres? /*. Olivo: Grama Ediciones, 2021.

- «Rebelión feminista.» *Cuerdismo*. 21 de Julio de 2020. <https://rebelionfeminista.wordpress.com/2020/07/21/cuerdismo/> (último acceso: 3 de Xullo de 2023).
- Regueiro Salgado, Begoña. «Rosalía de Castro desde a transculturalidade e os estudos de masculinidades: unha nova ollada a súa obra.» *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2014. 1052-1075.
- Ribao Pereira, Montserrat. «La locura femenina como resorte espectacular: obnubilación, delirio y demencia en el drama romántico.» *Letras Peninsulares* 12, nº 2-3 (1999-2000): 185-200.
- Serrano Escobar, Marina. *Profecía autocumplida, melancolía y suicidio: simbología acuática en la obra de Karoline Von Günderrode, Alfonsina Storni e Ingrid Jonker*. Grado en Estudios Hispánicos. CIESE-Comillas – UC, 2022.
- Soler, Colette. *Lo que lacan dijo de las mujeres*. México: Paidós, 2006.
- Suquet Martínez, Mirta. «Histeria y creación: hacia una po/ética de la sensibilidad en la narrativa de Rosalía de Castro.» *Rosalía de Castro no século XXI: Unha nova ollada*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2014. 79-100.
- Vásquez, Orfa Kelita Vanegas. «La estética del suicidio femenino en la narrativa de Ana María Jaramillo.» *Trama y fondo: revista de cultura*, nº 41 (2016): 87-98.
- Villarreal, Juan Pedro Martín. «Contra la “verdad”: “4.48 Psychosis” y “Clavícula” como narraciones femeninas del dolor, la locura y el suicidio.» *Pasavento: revista de estudios hispánicos* 8, nº 1 (2020): 59-74.

Publicamos este oitavo número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Ribeira



Concello
de Ribeira



CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO